



- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Procedemento negociado sen publicidade.

#### 4. Orzamento base de licitación:

- Importe neto: 174.593,42, IVE (18 %): 31.426,82 euros.
- Importe total: 206.020,24 euros.

#### 5. Adxudicación:

- a) Data: 22/02/2011
- b) Contratista: Mondo Iberica, S.A.
- c) Importe de adxudicación:
  - Importe neto: 173.749,54 euros, IVE (18 %) 31.274,92 euros.
  - Importe total 205.024,46 euros.

O Grove, 15 de marzo de 2011.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico.

2011003072

\* \* \*

## MARÍN

### A N U N C I O

Aprobado por Resolución da Alcaldía do día 22 de marzo de 2011 o Padrón das Taxas de auga, lixo e sumidoiro correspondente o primer trimestre do ano 2011 , estará a disposición do público no servizio de Xestión Tributaria deste Concello, durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidendo os interesados/as examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición pública do Padrón.

De conformidad eco disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuintes afectados, que o prazo de ingreso, en período voluntario, da taxa polos conceptos de auga, lixo e sumidoiro correspondente o primer trimestre do ano 2011 será o comprendido entre o 1 de abril e o 31 de maio, ambos inclusive, (ou o inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos), no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

O imposto deberá pagarse a través das seguintes entidades colaboradoras, Caixanova, Caixa Galicia, Banco Gallego, La Caixa, BBVA, Banco Pastor, Banesto e o Banco Santander, empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuinte por correo ordinario ( agás os recibos domiciliados en entidades de depósito).

Os contribuintes que a 1 de maio do 2011 non tivesen recibido nos seus domicilios os formularios de ingreso disporán de prazo ata o 31 de maio de 2011 (ou o inmediato hábil posterior se aquel fora festivo) para os solicitar na oficina de Recadación Municipal do Concello de Marín e efectuar o pagamento, posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e devengarán os recargos do período ejecutivo, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan (artigo 161 da Lei Xeral Tributaria).

Marín, 22 de marzo de 2011.—O Alcalde, Francisco A. Veiga Soto.

2011003170



## A N U N C I O

Con data 10 de marzo de 2011 o Sr. Alcalde Presidente do Concello de Marín aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de Oficial Fontaneiro, Grupo C Subgrupo C2, así como a convocatoria de dito proceso selectivo.

### **BASES DA CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE OFICIAL FONTANEIRO.**

#### *I.—OBXECTO DA CONVOCATORIA*

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de persoal para a formación dunha bolsa de traballo na categoría de Oficial Fontaneiro, polo procedemento de CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE, para os supostos en que sexa precisa a provisión interina de prazas de Oficial Fontaneiro.

A presente bolsa estará en vigor ate a formación dunha nove bolsa.

#### *II.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES*

Os aspirantes deberán posuír, no día en que remate o prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1.—ter a nacionalidade española, sen prexuízo do previsto no artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do estatuto Básico do Empregado Público relativo o acceso a función pública dos nacionais doutros países.

2.—posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas de oficial fontaneiro.

3.—ter cumplidos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4.—non ter sido separado por expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público.

5.—estar en posesión, ou en condición de obter, no día en que remate a presentación de instancias, o título de Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse fidedignamente a súa homologación.

6.—aboamento dos dereitos de exame por importe de 18,03 euros, que poderá efectuarse na Tesourería Municipal do Concello ou mediante ingreso na conta xeral do Concello nº 2080-0430-38-0040102174.

#### *III.—SOLICITUDES*

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ó modelo que figura como Anexo II a convocatoria, que deberá presentarse no prazo de CINCO DÍAS hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A convocatoria e as bases da mesma serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Os restantes anuncios do proceso selectivo serán publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A dita instancia deberá acompañar a seguinte documentación:

- fotocopia do DNI
- fotocopia da titulación esixida.
- no seu caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- xustificante do aboamento dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros.



— méritos alegados na fase de concurso e xustificación dos mesmos.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Marín, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres ou de 9 a 13 horas os sábados.

As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común

#### IV.—ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde ditará Resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte o da publicación da Resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello para a subsanación dos defectos ou omisións así como para efectuar reclamacións.

Rematado dito prazo O Alcalde, mediante Resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, procederá á designación dos membros do tribunal cualificador e convocará os admitidos. Dita Resolución se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

No caso de que dende un primeiro momento non houbese ningún aspirante excluído, ditarase Resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos. Na mesma Resolución determinarase a designación do Tribunal cualificador así como o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

#### V.—ÓRGANO DE SELECCIÓN

A composición do Tribunal axustarase o previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público non podendo ser parte do mesmo os funcionarios interinos nin o persoal eventual.

O Tribunal estará integrado por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a con Habilitación de carácter Estatal ou Técnico /a de Administración Xeral do Concello de Marín.
- Secretario/a: o da Corporación ou funcionario en quen delegue.
- 3 Vogais:
  - dous funcionarios de carreira do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.
  - un funcionario de carreira do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para o posto convocado, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal do Concello, pero que actuará en todo caso a título individual.

Tódolos membros do Tribunal actuarán con voz e voto. O Presidente poderá designar mediante Resolución suplentes dos titulares en caso de necesidade.

A composición nominal dos membros do tribunal Cualificador, farase pública na Resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos ó proceso na que tamén se sinalará o lugar, a data e a hora de comezo dos exercicios.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse ni actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán abstenerse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra alguma das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 29 da lei 30/1992.

O Tribunal quedará facultado para resolver tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o no previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexeráse polo disposto nas presentes bases e na Lei 30/1992.

### VI.—FASES DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

#### PRIMEIRA FASE.—FASE DE CONCURSO

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. Somentes se valorarán aqueles méritos debidamente acreditados.

Méritos a valorar:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: por servizos prestados na categoría de Oficial Fontaneiro en calquera Administración Pública ou en empresas privadas, 0,1 puntos por mes completo de servizo.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado será de 5 puntos.

Co fin de acreditar os servizos prestados será preciso a aportación de certificado de servizos previos no caso de servizos prestados na Administración Pública e copia cotexada de contrato de traballo xunto coa vida laboral no caso de servizos prestados na empresa privada.

No caso de contratos concertados a tempo parcial, os mesmos computarán na parte proporcional, segundo a proporción que representen as horas semanais que estableza o contrato de traballo en relación con 37 h e 30 minutos semanais.

B) CURSOS DE FORMACIÓN impartidos pola Administración ou outras entidades legalmente recoñecidas, relacionadas coas funcións propias do posto obxecto desta convocatoria, así como tamén relacionados coa prevención de riscos laborais (non se valorarán cursos de informática):

Por cada curso de 20 a 50 horas: 0,10 puntos

Por cada curso de máis de 50 a 100 horas: 0,5 puntos

Por cada curso de máis de 100 horas: 1 punto.

A puntuación máxima que se podrá acadar neste apartado será de 2,50 puntos.

Para a acreditación da realización dos mesmos será precisa a aportación dos títulos, orixinais ou cotexados, ou certificacións onde conste o número de horas dos mesmos.

C) SUPERACIÓN DE PROBAS SELECTIVAS :Por cada exame aprobado nalgún proceso selectivo para o acceso a postos de Oficial Fontaneiro de calquera Administración Pública ou Organismos de elles dependentes, 1 punto por cada exame aprobado.

A puntuación máxima que se podrá acadar neste apartado serán 5 puntos.

A acreditación da superación de exames en procesos de selección para acceso a postos de Oficial fontaneiro realizarase mediante certificado emitido polo entidade convocante do proceso selectivo.

#### SEGUNDA FASE.—FASE DE OPOSICIÓN QUE CONSTARÁ DE TRES EXERCICIOS:

Para a superación da mesma será precisa a superación de tódolos exercicios da Fase de oposición

#### PRIMEIRO EXERCICIO.—PROBA PRÁCTICA DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá nunha proba práctica relacionada co temario tendente a acreditar os coñecementos do aspirante en relación coas funcións e habilidades propias do posto de Oficial Fontaneiro de acordo co temario que figura como Anexo I.